




MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 PLAN SECTORIAL DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA (PSOAEG)



DECLARACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

FASE: APROBACIÓN DEFINITIVA

DECEMBRO DE 2023



**RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA A DECLARACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA
RELATIVA Á MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.2 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN
DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA**

Promotor: Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)
Expediente: 2021AAE2531

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

- 1 O actual Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (en diante PSO.AEG) aprobouse o 30.4.2014 mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia (DOG 28.05.2014), tras ser sometido a avaliación ambiental estratéxica. No ano 2018 aprobouse a primeira modificación puntual do PSO.AEG, a cal foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
- 2 O 12.7.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Instituto Galego da Vivenda e Solo no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria da "Modificación puntual núm. 2 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia" (en diante Modificación ou MP2). Achegaba un documento inicial estratéxico e un borrador da proposta.
- 3 O 1.10.2021 este órgano ambiental formulou o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, sendo consultados previamente as administracións públicas afectadas e persoas interesadas así como o público en xeral a través do portal web desta Consellería.
- 4 O 11.8.2022 aprobouse inicialmente a MP2. A continuación o IGVS someteu o documento de planeamento, xunto co estudo ambiental estratéxico, ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* o 16 de setembro e nos boletíns oficiais das catro provincias galegas (a documentación estivo dispoñible no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia e no portal web do IGVS). Deuse audiencia ás deputacións provinciais e ás entidades locais sobre as que incidía o instrumento de ordenación do territorio, fixéronse as consultas previstas no documento de alcance e solicitáronse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais precaptivos. Paralelamente solicitáronse informes técnicos sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos.
- 5 O 18.8.2023 recibíuse nesta dirección xeral o expediente de avaliación ambiental estratéxica completo, remitido polo IGVS, para a formulación da declaración ambiental estratéxica. O expediente inclúe a proposta de plan para a formulación

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSO.AEG
Expediente: 2021AAE2531*

páxina 1 de 34





da declaración ambiental estratéxica e mais a addenda núm.4, o estudo ambiental estratéxico, un informe de participación pública e consultas ás administracións e un documento resumo; todos estes documentos están datados en xullo de 2023.

- 6 O 26.9.2023 o IGVS anunciou no *Diario Oficial de Galicia* o sometemento a información pública durante o prazo de dous meses da addenda núm.4 da MP2 correspondente á fase de aprobación inicial (anunciouse tamén no BOP das provincias de Lugo e A Coruña o 22 de setembro, no BOP de Pontevedra o 28 de setembro e no BOP de Ourense o 4 de outubro); esta addenda incluía dous documentos: o *resumo executivo* ao que fai referencia o artigo 54.4 da LOT e mais a *estratexia de actuación* (actualización da Proposta de Estratexia de desenvolvemento do PSOAEG [DOC VI]). O 3 de outubro anunciouse no DOG unha corrección de erros do anuncio publicado o 26 de setembro.
- 7 O 10.10.2023 tivo entrada nesta dirección xeral a "Addenda 01: Corrección de erro" remitida polo IGVS para informar de que o documento de MP2 proposta para a formulación da declaración ambiental estratéxica contiña un erro no código numeral que identificaba ao parque empresarial de Meirama.
- 8 O 11.12.2023 esta dirección xeral recibiu un escrito do IGVS no que informa de que "Durante o tempo de exposición pública da addenda 04 recibíronse un total de 11 alegacións de concellos, particulares e asociacións. O contido desas alegacións non está relacionado co contido e documentación exposta e, polo tanto, son alegacións imprevistas".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (en diante LOT) integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 A LOT sinala que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans sectoriais e as súas modificacións principais fitos do procedemento e establecerá as medidas ou condicións específicas (artigo 22.1.c), así como tamén as modificacións menores dos plans sectoriais cando así o determine o órgano ambiental por solicitude da persoa promotora (artigo 22.1.e).
- 3 O órgano ambiental formulará a declaración ambiental estratéxica no prazo de tres meses, contados desde a recepción do expediente completo (artigo 54.7 da LOT). Esta declaración ten a natureza de informe preceptivo e determinante, conterá unha exposición dos feitos que resume nais que deban incorporarse ao plan que finalmente se aprobe (artigo 25.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto da modificación do PSOAEG

A MP2 ten por obxecto mellorar a inserción territorial e a viabilidade técnica e económica dalgunhas actuacións empresariais previstas no PSOAEG e delimitar novas áreas empresariais atendendo á demanda prevista.

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 2 de 34





2. Borrador do plan, documento inicial estratéxico e documento de alcance

2.1. Borrador e documento inicial estratéxico

Para iniciar o proceso de avaliación ambiental estratéxica da MP2 o promotor presentou un borrador que contiña, conforme o establecido na lexislación vixente, as liñas esenciais do planeamento e permitía coñecer os seus criterios, obxectivos e solucións xerais, así como a súa análise urbanística.

O promotor tamén presentou un documento inicial estratéxico coa información que exige o artigo 18 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental: obxectivos da planificación; alcance e contido do plan proposto e das súas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables; desenvolvemento previsible do plan; potenciais efectos ambientais; e incidencias previsibles sobre os plans sectoriais e territoriais concorrentes.

O documento inicial estratéxico incluía unha serie de fichas con planos nos que estaban representadas graficamente as distintas alternativas de localización consideradas para as novas áreas empresariais propostas e para as áreas que se modifican.

O borrador incluía fichas resumo nas que se reflectía a delimitación das novas actuacións empresariais propostas e das que se modifican, así como as afeccións detectadas e as medidas correctoras previstas.

De forma resumida a proposta inicial consistía en:

- Eliminar dúas áreas empresariais previstas no concello de Vigo: o parque empresarial (en diante PE) de Mátama-Valadares e o PE Chan de Labrador.
- Reducir a superficie de catro actuacións empresariais: ACITEC Costa da Morte (Cabana de Bergantiños e Zas), PE do Corgo-ampliación (O Corgo), PE de Palas de Rei-fase III (Palas de Rei) e PE de Valga-fases I, II e III (Valga).
- Reaxustar a delimitación do PE de Pontecesures (Pontecesures), resultando un ámbito lixeiramente maior.
- Modificar a localización de cinco áreas empresariais, na súa totalidade ou parcialmente:
 - Substituír o polígono industrial previsto a carón do Lago de Meirama (Cerceda) por unha nova área industrial no lugar onde se atopan as instalacións da antiga central térmica de Meirama (PE de Meirama).
 - Desprazar o PE do Valadouro (O Valadouro) a outra localización próxima, con superficie similar.
 - Substituír as fases 4 e 5 de ampliación do PE Barco de Valdeorras, afectadas pola zona inundable do río Sil, por outro ámbito delimitado ao sueste do actual parque.
 - Reducir o ámbito do PE Cidade do Moble (A Estrada) ao tempo que se delimita no mesmo concello unha nova ampliación (2ª) do PE de Toedo.
 - Substituír o PE Chan de Cairón (Mondariz) por outra área de menor tamaño localizada preto da vila de Mondariz.

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 3 de 34

CVE: WvrmBWWUAJC1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





- Delimitar sete novas actuacións empresariais:
 - Ampliación do PE da Laracha (A Laracha), no linde norte do parque actual.
 - Área industrial e loxística (AIL) Tesouro-Portorroibo (As Pontes de García Rodríguez), na beira suroeste do lago creado sobre a antiga mina de lignito.
 - Ampliación do PE O Carballiño-Maside; delimitáanse dúas áreas diferenciadas, unha delas lindeira co actual polígono industrial no municipio do Carballiño e outra no concello de Maside.
 - Ampliación do PE de Pereiro de Aguiar – fase III (Pereiro de Aguiar).
 - PE de Louredo (Mos e Redondela).
 - Ampliación da Plataforma loxística e industrial PLISAN (As Neves).
 - Ampliación do PE de Balaídos – fases I e II (Vigo).

En conxunto a proposta supoñía aumentar o solo empresarial delimitado no actual PSOAEG en 72,6 ha (un 12%). Establecíase que todos os ámbitos delimitados serían ordenados mediante proxectos de interese autonómico (en diante PIA).

2.2. Documento de alcance do estudo ambiental estratéxico

Tendo en conta a documentación achegada polo promotor (borrador e documento inicial estratéxico) e o resultado das consultas previas realizadas, este órgano ambiental formulou o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

Neste documento dirixido ao promotor determinábase a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que debía ter o estudo ambiental estratéxico, ao tempo que se facían diversas consideracións organizadas por variables ambientais para tratar de mellorar a integración dos aspectos ambientais no contido da MP2; das consideracións feitas cómpre destacar as seguintes:

- É conveniente xustificar que as novas actuacións empresariais que se propoñen incorporar ao PSOAEG responden a necesidades reais e obxectivas.
- Cómpre xustificar a idoneidade das localizacións finalmente seleccionadas (determinación 3.2.6 das DOT). Neste sentido, no estudo ambiental estratéxico deberase analizar e describir con maior detalle as características e condicionantes físicos e ambientais de cada ámbito para así poder identificar con máis rigor os posibles efectos significativos sobre o medio e, no caso de resultar ambientalmente inviable a localización proposta, estudar outras posibles alternativas. Deberase prestar especial atención aos efectos ambientais que poden ter o PE de Mondariz e a ampliación do PE do Carballiño no municipio de Maside.
- Débese identificar no documento de planeamento (textual e graficamente) todos os leitos, correntes naturais, zonas inundables, nacementos de auga naturais e captacións existentes tanto no ámbito de actuación como na súa contorna máis próxima. No caso de detectar que algunha das áreas delimitadas poida ter efectos ambientais significativos adversos sobre canles fluviais ou zonas inundables, e atendendo ao principio de prevención, será preferible avaliar outras alternativas de localización ou ben excluír do ámbito delimitado os corredores fluviais. En

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 4 de 34

CVE: Wrm18WYUAC1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





calquera caso, nos emprazamentos que finalmente se propoñan adoptaranse as medidas necesarias para manter a continuidade lonxitudinal e lateral dos cursos fluviais, as zonas higromorfas, a vexetación autóctona de ribeira e a súa funcionalidade como corredor ecolóxico.

- O plan sectorial deberá conter as análises e a planificación precisa para que o organismo de bacía correspondente poida avaliar a garantía da existencia de reservas de auga suficiente e da viabilidade da captación, tratamento e distribución da auga potable, da recollida da auga residual e a súa depuración, reutilización ou vertedura a medio receptor de forma sustentable, para as necesidades presentes e futuras da poboación e actividades existentes, de maneira que non se permitan novos desenvolvementos urbanísticos sen garantía de servizo a modo de planeamento.
- O estudo ambiental estratéxico deberá conter para cada unha das novas áreas ou ampliacións propostas unha análise ambiental máis detallada que permita identificar e cartografar a unha escala territorial apropiada a existencia no ámbito e na súa contorna próxima de hábitats naturais ou seminaturais de interese comunitario, hábitats de especies ameazadas, masas arboradas autóctonas, corredores ecolóxicos e outros posibles elementos naturais de interese. Terase en conta en particular:
 - A existencia nos dous ámbitos propostos para ampliación do PE do Carballiño do hábitat de interese comunitario de carácter prioritario 91E0* (Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*) e terreos higromorfos, considerando a posible afección sobre o corredor ecolóxico que conforma o sistema fluvial do rego do Varón.
 - A presenza na contorna do PE do Barco de Valdeorras do sapo dos esporóns (*Pelobates cultripes*), especie incluída no Catálogo galego de especies ameazadas. A zona norte da ampliación prevista ocupará unha parte da terraza aluvial na que se contempla realizar un estudo hidrolóxico e un plan de encauzamento co obxecto de modificar a liña de fluxo preferente.
- A conveniencia de integrar nas directrices que establece o PSOAEG para o desenvolvemento das actuacións empresariais (doc. VIII.2) medidas destinadas a evitar a dispersión e contribuir ao control de especies exóticas invasoras.
- Analizar o posible valor cultural das instalacións industriais existentes no complexo do PI de Meirama (Cerceda) e na AIL O Tesouro-Portorroibo (As Pontes).
- No PE do Valadouro, a nova localización proposta supón unha afección directa sobre dous bens do patrimonio arqueolóxico, polo que se deberán realizar os traballos arqueolóxicos oportunos para a delimitación dos bens e do seu contorno de protección. Do mesmo xeito, na ficha do PE de Louredo (Mos) cómpre delimitar un asentamento tradicional (Vilar) e varios xacementos arqueolóxicos e os seus contornos de protección, e na do PI de Balaídos (Vigo) un petróglifo, un muíño, unha fonte e un lavadoiro.
- No PE Cidade do Moble (A Estrada) proporase un tratamento axeitado para a protección visual da Ponte Vella de Liñares, minimizando o impacto do construído cara o ben (condicións edificatorias, pantallas vexetais, etc.).

Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591

páxina 5 de 34

CVE: WrmBWWUAJ1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





- Na ampliación do PE da Laracha cómpre establecer medidas adicionais de integración paisaxística non contempladas na ficha, que garantan unha transición cos núcleos de poboación e o solo rústico lindeiro.
- Na ampliación do PE de Carballiño, con independencia do ámbito que finalmente se delimite, deberán preservarse as especies de arboredo autóctono do bordo como método de amortecemento visual do parque e áreas de transición respecto da contorna rural e das zonas residenciais lindeiras.
- O novo PE de Louredo (Mos-Redondela) poderá ter un impacto paisaxístico significativo sobre a contorna, polo que deberán estudarse en detalle as condicións de integración para resolver os bordos cara o núcleo de Vilar, o Camiño de Santiago e os cursos fluviais así como para asegurar un adecuado tratamento da zona leste en relación coas naves industriais preexistentes nesta zona. Suxírese excluír do ámbito delimitado a zona suroeste, pois ocupa unha valgada con pendente pronunciada e vexetación de interese ambiental, lindeira cunha área residencial.

3. Estudo ambiental estratéxico e versión inicial do planeamento

3.1. Estudo ambiental estratéxico (EsAE)

Tendo en conta o documento de alcance, o promotor elaborou un EsAE (datado en xullo 2022 e asinado polo director do equipo redactor) que se someteu aos trámites de información pública e consultas xunto co documento de planeamento aprobado inicialmente (versión inicial da MP2). Logo destes trámites, revisáronse e completáronse no EsAE algunhas cuestións, de maneira que o estudo ambiental presentado para a formulación da declaración ambiental estratéxica ten como data de conclusión xullo 2023 e está tamén asinado polo director do equipo redactor, tal e como esixe o artigo 16 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O contido do EsAE é conforme co requirido no anexo IV da Lei 21/2013 de avaliación ambiental e no documento de alcance emitido por este órgano ambiental. Recolle información suficiente sobre os seguintes aspectos: ámbito, contido e obxectivos do plan; diagnóstico ambiental; relación cos plans e programas concorrentes; análise e avaliación das alternativas; análise dos probables efectos significativos no ambiente; medidas de sustentabilidade previstas (incluídas medidas de mitigación e de adaptación aos efectos do cambio climático); programa de seguimento ambiental; e resumo non técnico.

3.2. Versión inicial do planeamento

Tendo en conta as consideracións recollidas no documento de alcance, os informes recabados no trámite de consultas previas á elaboración deste documento e mais o EsAE, o promotor elaborou a versión inicial da MP2 (fase aprobación inicial), que incorporaba varios cambios con respecto á proposta formulada no borrador.

Así, en atención ao informado polo Concello de Vigo no trámite de consultas previas, e para coordinar a MP2 co novo PXOM de Vigo que se está a tramitar simultaneamente,

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAE
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 6 de 34





incorporouse na proposta o axuste na delimitación de tres áreas empresariais en Vigo: Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares (ampliación no sur), PE Armeal e PI da Garrida. En relación ás consideracións feitas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, cómpre sinalar os seguintes aspectos:

- Xustifícase a ampliación ou delimitación *ex novo* dalgunhas áreas empresariais (A Laracha, Carballiño-Maside, Pereiro de Aguiar, Mos) en base á demanda de solo empresarial que reflicte o Censo de Solo Empresarial da Xunta de Galicia.
- Propóñense zonas verdes e espazos libres na maioría das áreas empresariais, á escala territorial do PSOAEG, co obxecto de preservar os espazos fluviais afectados pola dinámica hídrica ou susceptibles de inundación, o patrimonio arqueolóxico e a vexetación de interese ou favorecer a integración paisaxística ou crear espazos de transición con zonas residenciais e dotacionais. Realízanse estudos de inundabilidade para as áreas empresariais do Carballiño-Maside, Pereiro de Aguiar, Mos e A Estrada (Cidade do moble), que se incorporan ao Estudo ambiental estratéxico.
- Analízanse e propóñense solucións, á escala territorial do PSOAEG, para atender as necesidades de abastecemento de auga e saneamento de augas residuais en cada área empresarial; difírese unha análise máis detallada e as necesarias xustificacións aos instrumentos que establezan a ordenación pormenorizada da cada área.
- PE A Laracha. Establécese na ficha resumo a necesidade de cumprir no PIA coas directrices DX.10.b.2 e DX.10.b.4 das Directrices da Paisaxe de Galicia, para reducir a afección sobre os núcleos de poboación e o solo rústico. Tamén preve establecer medidas de protección en relación aos elementos de interese situados en A Torre e Samiráns en base ao resultado dunha prospección arqueolóxica e etnográfica.
- PE Cidade do Moble. Coidaranse as vistas dende o camiño antigo e a Ponte Vella de Liñares, para o que se determina a necesidade de conservar a vexetación de valor existente no extremo nordés do sector.
- PE O Valadouro e PE A Estrada-Toedo. Determinarase a solución que mellor garanta a protección dos xacementos arqueolóxicos existentes en base a unha prospección intensiva, deixando a suficiente reserva de solo sen urbanizar.
- PE de Louredo. Exclúese a zona suroeste do ámbito delimitado no borrador, tal e como se suxería no documento de alcance, por tratarse dunha valgada con pendente pronunciada e vexetación de interese ambiental, lindeira cunha área residencial. Estableceuse tamén a necesidade de cumprir coas directrices DX.10.b.2 e DX.10.b.4, procurando reducir a afección sobre o solo rústico, interpoñendo áreas de vexetación autóctona e coidando a urbanización na zona de transición cara ao medio rural e ao núcleo de Vilar. Prevese ter en conta na ordenación a calidade das fachadas edificadas e urbanizadas que dan fronte ás estradas nacional e provincial.
- Ampliación do PE O Carballiño. O EsAE (punto 5.9) inclúe unha valoración das alternativas consideradas; como alternativa á proposta delimitouse un único polígono de 514.886 m² de superficie no municipio do Carballiño, entre o PE da

Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591

páxina 7 de 34

CVE: WvrmBWWUAJc1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





Uceira e o eixo definido pola liña do ferrocarril e a estrada N-541. O promotor desbotou esta alternativa ao considerar que tería un maior impacto social (afecta a máis vivendas) e paisaxístico.

A ficha-resumo prevé que no momento de formulación do PIA se incorpore un estudo detallado da situación da infraestrutura no consorcio de augas, verificando a suficiencia do caudal de auga outorgado. Faise referencia á necesidade de ampliar a ETAP e construír un novo depósito.

Ademais, o PIA establecerá condicións de integración paisaxística (directrices DX.10.b.2 e DX.10.b.4) cos bordos de contacto co solo rústico e o núcleo de Dacón, interpoñendo áreas de vexetación autóctona e coidando a urbanización. Así mesmo, prestará atención a integrar a zona industrial no contexto residencial e de dotacións da zona oeste.

As zonas potenciais de bosque aluvial (hábitat prioritario 91E0*) e terreos higromorfos nos dous ámbitos propostos intégranse nas zonas verdes cun tratamento dirixido a preservar a súa naturalidade.

- PE de Mondariz. No EsAE (punto 5.12) avalíase unha alternativa de localización á proposta no parque forestal Monte da Lagoa, entre os núcleos de Mondariz Balneario e Mondariz, a carón da estrada PO-254; esta desbotouse por presentar unha peor integración ambiental debido á proximidade do río Xabriña e da ZEC "río Tea" da Rede Natura 2000 e afectar a masas caducifolias de valor ecolóxico.
- PI Lago de Meirama e AIL O Tesouro-Portorroibo. As prospeccións arqueolóxicas analizarán o posible valor cultural das instalacións industriais existentes no ámbito e decidirán sobre a necesidade ou non de catalogalas.

Para a AIL O Tesouro-Portorroibo estableceuse ademais na ficha a obriga de realizar controis de contaminación do solo no momento de remoción de terras, con especial observancia aos procesos de formación de augas acedas relacionadas coa existencia de piritas.
- Ampliación da PLISAN. Prevese realizar no PIA unha prospección arqueolóxica intensiva para analizar a posible existencia de fornos romanos, ademais identificouse unha zona húmida de orixe artificial (Coto da Mina).
- Ampliación do PE O Barco de Valdeorras. A ficha desta área propón integrar nas zonas verdes e en estado natural a área norte que forma parte da terraza aluvial e conforma o principal hábitat potencial do sapo dos esporóns¹ (*Pelobates cultripes*) e adoptar medidas de ordenación para garantir a súa protección. Ademais, o EsAE propón eliminar entullos, lixos e recheos artificiais nas proximidades da chaira de inundación, porén, esta medida non se incorporou ás determinacións da correspondente ficha-resumo.
- Ampliación do PI Balaídos. Unifícanse as dúas fases inicialmente previstas nunha única actuación empresarial, en coherencia co previsto no PXOM de Vigo en tramitación. Incorporáanse na ficha determinacións para o instrumento de desenvolvemento que estableza a ordenación pormenorizada, entre outras: a ordenación deberá garantir a protección dos elementos patrimoniais xa

1 Especie incluída no Catálogo galego de especies ameazadas.





inventariados ou por inventariar; realizarase un estudo acústico e estableceranse medidas de amortecemento do ruído; realizarase un estudo hidrolóxico; estableceranse medidas de integración paisaxística.

- O EsAE, o seu anexo “Estudo da paisaxe” e as fichas-resumo das áreas empresariais identifican as principais especies exóticas invasoras presentes nalgunhas das áreas empresariais delimitadas e integra determinacións destinadas a evitar a súa dispersión e contribuír ao seu control, estando previsto que se definan medidas de detalle nos PIA.
- As medidas correctoras e compensatorias establecidas no EsAE e o seu anexo de Estudo da paisaxe constitúense como determinacións vinculantes para os instrumentos de desenvolvemento que establezan a ordenación pormenorizada dos novos ámbitos de desenvolvemento industrial e os correspondentes proxectos de urbanización.

4. Información pública e consultas

Segundo o disposto no artigo 54.4 da LOT, a MP2 aprobada inicialmente (versión inicial), incluído o preceptivo estudo ambiental estratéxico, someteuse ao trámite de información pública por un prazo de dous meses. Posteriormente, someteuse a información pública a addenda núm.04 da MP2 por outro prazo de dous meses. Ademais, solicitáronse os informes sectoriais preceptivos, realizáronse as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico e deuse audiencia ás deputacións provinciais e aos concellos limítrofes. Tamén se solicitaron informes técnicos sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos.

O expediente de avaliación ambiental estratéxica recibido inclúe un “Informe de participación pública e consultas ás Administracións” no que se describe o resultado dos trámites de información pública e de consultas realizados. O dito informe inclúe todos os informes recibidos, a resposta ás alegacións de asociacións e particulares, así como un resumo dos ditos informes e as solucións adoptadas para a súa integración no documento de planeamento.

4.1. Resultado do proceso de información pública

Segundo indica o promotor, no período de información pública formuláronse un total de 55 alegacións de particulares e asociacións e outras 1.098 rexistráronse fóra de prazo (todas elas reiterando o escrito de alegacións presentado en tempo pola Asociación Veciñal A Unión de Matamá, en Vigo). Entre as alegacións de carácter ambiental destacan:

- A Plataforma de Afectados polo Polígono Garrida-Pasaxe e diversos particulares piden que non se desenvolvan o PI A Garrida. Algúns dos particulares tamén solicitan a inviabilidade da ampliación da PTL Valadares.
- A asociación de veciños A Unión de Matamá rexeitan a proposta de ampliar as instalacións do polígono de Balaídos, pois entenden que na actualidade non se acadará unha correcta convivencia entre as vivendas e a actividade industrial da Zona Franca.

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEAG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 9 de 34





- No PE de Mondariz trece alegantes non consideran acertado substituír o emprazamento da área empresarial en Chan de Cairón (Gargamala) polo novo ámbito situado no Parque Forestal da Lagoa, ao considerar que este posúe un elevado valor forestal, ambiental e social.
- No PE de Louredo, a asociación de veciños San Martiño de Vilar pide que na cartografía se represente a canle fluvial existente dende o seu manancial e se protexa, ademais de eliminar do ámbito os terreos do municipio de Redondela.
- No PE de Carballiño-ampliación un particular alega que non se xustifica a necesidade da transformación do solo que non se considera o risco de inundación, a contaminación acústica e o cambio climático, e que a formulación e selección de alternativas é deficiente. O propietario dunha parcela situada na proposta de zona verde solicita a súa exclusión do ámbito. A Asociación de Empresarios da Área Industrial de Carballiño solicita conectar as glorietas leste e sur previstas para mellorar o tráfico do polígono.
- No PE da Estrada-Toedo, a Comunidade de Usuarios de Augas de Alargos e un particular advirten a necesidade de protexer as captacións de auga existentes.
- Na PLISAN-ampliación unha empresa de áridos alega que a documentación exposta é incompleta, que non se consideran as expropiacións mineiras pasadas e que non se definen as actuacións previstas na EDAR; mentres que outra solicita que se reconsidere a situación do polígono.
- No PE de Pontecesures, tres alegantes solicitan reconsiderar a situación do polígono por distintos motivos, entre estes: afección á poboación residente; afección ao patrimonio cultural (hórreo, casa e muros); xeotécnica e vías convencionais e especies protexidas; ou non ter en conta o solo industrial da contorna.
- O Colexio oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Ourense considera insuficiente a superficie delimitada nas áreas de O Barco de Valdeorras, O Carballiño e Pereiro de Aguiar, por mor da demanda latente derivada das intencións de expansión e ampliación das empresas de Galicia.
- O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo non ve xustificando que se eliminen superficies das áreas inicialmente previstas no PSOAEG.

4.2. Resultado das consultas

A seguinte táboa resume os organismos que foron consultados e cadanseu pronunciamento no último informe emitido:

| | Data de solicitude | Data de recepción | Pronunciamento |
|--|--------------------|---------------------------|----------------------------|
| Administración do Estado | | | |
| DX Aviación Civil (M.Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana) | 19/07/22 | 31/01/23 | favorable con observacións |
| Demarcación de Estadas do Estado en Galicia (M.Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana) | 19/07/22 | 25/10/22 (Ud. Ourense) | sen incidencia |

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 10 de 34

CVE: WvrmBWWUAJC1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





| | Data de solicitude | Data de recepción | Pronunciamento |
|--|--------------------|-------------------|----------------------------|
| DX Planificación e Avaliación da Rede Ferroviaria | 19/07/22 | 28/03/23 | favorable |
| Confederación Hidrográfica do Miño-Sil | 01/09/22 | 12/07/23 | favorable con observacións |
| DX Política Enerxética e Minas (M. Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico) | 01/09/22 | 01/12/22 | observacións |
| DX Telecomunicacións (M. Asuntos Económicos e Transformación Dixital) | 01/09/22 | 01/12/22 | favorable |
| ADIF | 01/09/22 | 17/11/22 | observacións |
| Delegación do Goberno en Galicia | 01/09/22 | 01/12/22 | sen incidencia |
| M. Defensa (SDX. Patrimonio) | 05/09/22 | 31/07/23 | favorable |
| Confederación Hidrográfica do Cantábrico | 16/09/22 | 13/10/22 | sen incidencia |
| Confederación Hidrográfica do Douro | 16/09/22 | 15/11/22 | sen incidencia |
| M. Transición Ecolóxica e o RD (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| M. Transición Ecolóxica e o RD (Secretaría E. Medio Ambiente) | 16/09/22 | - | |
| M. Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| M. Asuntos Exteriores (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| M. Xustiza (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| M. Facenda e Función Pública (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | 16/11/22 | sen incidencia |
| M. Interior (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | 17/10/22 | sen obxeccións |
| S.E Infraest., Transporte e Vivenda (M.Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana) | 16/09/22 | - | |
| Portos do Estado (M.Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana) | 16/09/22 | 21/10/22 | favorable |
| M. Cultura e Deporte (Subsecretaría) | 16/09/22 | - | |
| M. Cultura e Deporte (Xerencia Infraest. e Equipamentos) | 16/09/22 | - | |
| M. Traballo e Economía Social (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| M. Industria, Comercio e Turismo (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| M. Sanidade (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| M. Igualdade (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| Subdelegación do Goberno na Coruña | 16/09/22 | - | |
| Subdelegación do Goberno en Lugo | 16/09/22 | - | |
| Subdelegación do Goberno en Ourense | 16/09/22 | - | |
| Subdelegación do Goberno en Pontevedra | 16/09/22 | - | |
| Administración autonómica | | | |
| DX Ordenación do Territorio e Urbanismo | 01/09/22 | 14/11/22 | observacións |
| DX Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático | 01/09/22 | 14/10/22 | observacións |

Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591

páxina 11 de 34

CVE: WvrmBWWUAJC1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





| | Data de solicitude | Data de recepción | Pronunciamento |
|---|--------------------|--------------------------|---------------------------------|
| Augas de Galicia | 01/09/22 | 14/11/22 | observacións |
| Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) | 01/09/22 | 20/04/23 | favorable condicionado |
| DX Patrimonio Cultural | 01/09/22 | 11/10/22 | favorable con observacións |
| DX Patrimonio Natural | 01/09/22 | - | |
| DX Planificación Enerxética e Recursos Naturais | 01/09/22 | 28/09/22 (XT Lugo) | observacións |
| | | 06/10/22 (XT Ourense) | observacións |
| DX Mobilidade | 01/09/22 | 04/11/22 | favorable con observacións |
| Instituto de Estudos do Territorio (IET) | 01/09/22 | 07/12/22 | sen obxeccións |
| DX Planificación e Ordenación Forestal | 01/09/22 | 21/10/22 | favorable (XT A Coruña) |
| | | | favorable (XT Lugo) |
| | | | observacións (XT Ourense) |
| | | | observacións (XT Pontevedra) |
| DX Defensa do Monte | 16/09/22 | 02/11/22 | observacións |
| DX Emerxencias e Interior | 01/09/22 | 09/09/22 | favorable |
| Secretaría Xeral da Presidencia | 16/09/22 | - | |
| Axencia Turismo Galicia | 16/09/22 | - | |
| V.S. e C.Presid.,Xusticia e Deportes (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| V.S. e C.Presid.,Xusticia e Deportes (DX Administración Local) | 16/09/22 | - | |
| C. Facenda e Adm.Pública (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| C. MA,Territorio e Vivenda (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| C. MA,Territorio e Vivenda (XESTUR) | 16/09/22 | - | |
| C. Infraest. e Mobilidade (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| V.P. e C.Economía,Industria e Innov.(Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| V.P. e C.Economía,Industria e Innov. (IGAPE) | 16/09/22 | - | |
| V.P. e C.Economía,Ind. e Innov.(Axencia Galega Innovación) | 16/09/22 | - | |
| C.Cultura, Educación,FP e Univers.(Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| C. Sanidade (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| C. Sanidade (Servizo Galego de Saúde - SERGAS) | 16/09/22 | 27/09/22 | sen incidencia |
| C. Política Social e Xuventude (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| C. Medio Rural (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |

Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591

páxina 12 de 34

CVE: Wvrm8WYUJC1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





| | Data de solicitude | Data de recepción | Pronunciamento |
|---|--------------------|---------------------------|------------------|
| C. Medio Rural (DX Gandaría, Agricultura e Ind.Agroalim.) | 16/09/22 | 20/09/22 | sen observacións |
| C. Medio Rural (DX Desenvolvemento Rural) | 16/09/22 | 05/10/22 (XT A Coruña) | sen incidencia |
| C. Mar (Secretaría Xeral Técnica) | 16/09/22 | - | |
| C. Mar (DX Pesca, Acuicultura e IT) | 16/09/22 | - | |
| C. Mar (Portos de Galicia) | 16/09/22 | - | |
| Administración Local | | | |
| Deputación da Coruña | 31/08/22 | - | |
| Deputación de Lugo | 31/08/22 | - | |
| Deputación de Ourense | 31/08/22 | - | |
| Deputación de Pontevedra | 31/08/22 | 18/10/22 | observacións |
| Concello de Cabana de Bergantiños | 31/08/22 | - | |
| Concello de Zas | 31/08/22 | - | |
| Concello de Cerceda | 31/08/22 | - | |
| Concello de Carral | 31/08/22 | - | |
| Concello de Ordes | 31/08/22 | - | |
| Concello da Laracha | 31/08/22 | - | |
| Concello das Pontes | 31/08/22 | - | |
| Concello do Corgo | 31/08/22 | - | |
| Concello de Palas de Rei | 31/08/22 | - | |
| Concello do Valadouro | 31/08/22 | 07/10/22 | observacións |
| Concello do Barco de Valdeorras | 31/08/22 | - | |
| Concello do Carballiño | 31/08/22 | - | |
| Concello de Maside | 31/08/22 | 22/12/22 | favorable |
| Concello do Pereiro de Aguiar | 31/08/22 | 15/11/22 | observacións |
| Concello da Estrada | 31/08/22 | 21/06/23 | |
| Concello de Mondariz | 31/08/22 | - | |
| Concello de Mos | 31/08/22 | - | |
| Concello de Redondela | 31/08/22 | 16/11/22 | observacións |
| Concello das Neves | 31/08/22 | - | |
| Concello de Pontecesures | 31/08/22 | - | |
| Concello de Valga | 31/08/22 | - | |
| Concello de Vigo | 31/08/22 | 02/11/22 | observacións |
| Concello de Gondomar | 31/08/22 | - | |
| Concello de Santiso | - | 17/10/22 | observacións |
| Concello da Cañiza | - | 15/11/22 | observacións |

Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591

páxina 13 de 34

CVE: WvrmBwYUAC1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





4.3. Integración no planeamento

Tomando en consideración as alegacións e suxestións formuladas nos trámites de información pública e consultas, o promotor revisou o estudo ambiental estratéxico e elaborou a proposta final de MP2 (documento para a formulación da declaración ambiental estratéxica). A continuación resúmense algúns aspectos relevantes que foron modificados:

A. Con carácter xeral:

- Renúnciase na MP2 a determinar o cambio na clasificación do solo nas áreas empresariais previstas e difírese este cambio aos instrumentos que establezan a súa ordenación pormenorizada, que serán proxectos de interese autonómico (PIA) ou ben plans estruturantes de ordenación do solo empresarial (PEOSE).
- Establécese que no momento de formular o instrumento que estableza a ordenación detallada (PIA ou PEOSE) haberá que xustificar a conveniencia e oportunidade do desenvolvemento urbanístico, con especial consideración aos motivos de demanda e necesidade de solo empresarial na área de influencia do enclave previsto.
- Incorporárase a necesidade de que os instrumentos de ordenación pormenorizada realicen un estudo de tráfico e avaliación da mobilidade, no que se analizará entre outras cuestións a repercusión que a futura implantación empresarial puidera ter no tráfico en xeral e no transporte público, no caso de existir, na área territorial de influencia, e mesmo as determinacións precisas para o fomento do transporte público e dos desprazamentos non motorizados.

B. Afectando a varios ámbitos:

- Nas áreas empresariais de Meirama e Carballiño establécese a necesidade de que os PIA realicen un estudo sobre a posibilidade de conectarse á rede ferroviaria.
- Na ficha da área empresarial de Meirama elimináronse as determinacións relativas á posible protección de edificacións e instalacións industriais susceptibles de valoración, xa que na actualidade xa foron demolidas².
- Requirírase a aprobación do Consello da Xunta para a previsión de áreas empresariais en terreos que sufriron incendios (PE de Louredo, ampliación da PLISAN e Valadares) ou sufran no futuro segundo a administración competente en materia de montes e incendios forestais.

C. En ámbitos concretos:

PE do Barco de Valdeorras - ampliación:

- Intégrase na ficha que a restauración de zonas verdes se realizará con criterios que favorezan a conservación da poboación do sapo dos esporóns (*Pelobates cultripes*).

PE de Cerceda:

² Lémbrese que a Central de Meirama atopase nun proceso de desmantelamento en base ao "Proyecto de desmantelamiento del Grupo 1 de la Central Térmica de Meirama, en Cerceda (A Coruña)". Dito proxecto tramitouse ante a administración do Estado con avaliación de impacto ambiental.





- Intégrase no anexo do estudo do recurso auga e na ficha de ordenación da área empresarial a necesidade de ampliar as instalacións de captación e tratamento de augas existentes para os concellos de Ordes e Cerceda, xa que son insuficientes.

PE do Carballiño - ampliación:

- A ficha establece como determinación que o instrumento de desenvolvemento debe valorar a posibilidade de executar o viario de enlace entre as rotondas este e sur do parque empresarial.
- Exclúense unha parcela de 1,34 ha do ámbito ao considerar que non constitúe solo aproveitable para a actividade industrial por estar afectado por unha canle e a súa zona de inundabilidade.
- O instrumento de desenvolvemento realizará un estudo sobre os mananciais e valorará a súa posible afección.

PE Louredo:

- Na cartografía da ficha correspondente ampliase a delimitación dunha canle fluvial, grafando correctamente o curso dende a súa nacente, e a zona verde de protección para abranguer a totalidade do seu percorrido.

PE de Pereiro de Aguiar - ampliación:

- Ante a demanda de empresarios da zona de máis solo industrial trasladada polo Concello, ampliase o ámbito delimitado en 3,07 ha (un 15% máis que a proposta inicial).

PE A Estrada/Toedo - ampliación:

- Establécese a determinación de marcar unha zona verde de protección cautelara dunha mina de auga e e de que o instrumento de desenvolvemento realice un estudo para determinar o alcance de dita protección ou ben promover un abastecemento alternativo á poboación afectada.

PLISAN - ampliación:

- Contéplase a posibilidade dun desenvolvemento da área empresarial por fases no caso de que interese manter os aproveitamentos mineiros que teñen concesión.

5. Ámbito de actuación do plan e principais características ambientais

PE de Cabana de Bergantiños (cód. 15014011)

Localízase na Costa da Morte e ocupa unha área de 27,09 ha no sur do concello de Cabana de Bergantiños, no límite co concello de Zas. Sitúase ao carón da estrada autonómica AC-552 e á beira da autoestrada AG-55, estradas que conforman o eixo A Coruña-Fisterra.

A contorna presenta unha topografía suave con vales abertos e ocupados por un agrosistema intensivo de mosaico agroforestal no que as plantacións de eucalipto conviven con espazos agrícolas e gandeiros de orientación láctea. O núcleo rural máis próximo é A Pedra, que se sitúa a 500 m.

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 15 de 34





A área na que se propón situar o solo empresarial está constituída por unha superficie aplanada ocupada por plantacións de eucalipto e bordeada polo oeste, norte e leste por canles fluviais que conforman a cabeceira do rego de San Loto, tributario do río de Cundíns (que desemboca no tramo final do río Anllóns). Esta nacente conforma unha zona húmida que, malia ter sido parcialmente alterada por plantacións forestais, conserva múltiples especies propias de hábitats higroturbosos oligotróficos e de breixeiros húmidas (*Erica tetralix*, *Erica ciliaris*, *Myrica gale*, *Potamogeton sp.*, *Osmunda regalis*, *Molinia cerulea*, entre outras), hábitats que están mellor conservados ao norte, xa fóra do ámbito. O límite sur do ámbito coincide coa divisoria da vertente do río Grande de Baio.

A zona presenta unha visibilidade potencial dende a estrada AC-552 e dende a VAC AG-55 e dende varios núcleos rurais da marxe dereita do río Mira (Zas).

PE de Meirama (Cerceda) (cód. 15024051)

O ámbito abrangue 57,57 ha de terreos transformados e ocupados polas instalacións da antiga central térmica de Meirama, que se están desmantelando na actualidade.

Sitúase ao pé da estrada provincial DP-2405 (Cerceda a Mesón do Bento), nunha zona antropizada na que destaca a presenza da antiga mina reconvertida en lago e varios asentamentos industriais -algúns existentes (Complexo Medioambiental de Cerceda; parque empresarial do Acebedo) e outros previstos (parques empresariais Encrobas 1 e Encrobas 2 recollidos no PSOAG)- así como as infraestruturas asociadas (entulleira, varias liñas eléctricas de alta tensión e un ramal da liña de ferrocarril que deu servizo á mina).

A contorna caracterízase por presentar un conxunto de acusado de desniveis entre altitudes comprendidas entre 300 e 550 m, en combinación con suaves vales abertos polos que discorren numerosos cursos fluviais. O substrato xeolóxico está constituído por formacións graníticas e por xistos, que dan lugar a solos de compoñente ácida.

O ámbito sitúase na divisoria da vertente que dirixe as augas ao encoro de Vilasenín, que alimenta o río Lengüelle, afluente do Tambre, e a vertente tributaria do río Barcés que alimenta a lagoa das Encrobas e que conflúe co Mero no encoro de Cecebre.

Dispón dunha subestación eléctrica nas proximidades, gas, abastecemento e depuradora físico-química propia. O acceso ao ámbito realízase dende a estrada provincial DP-2405, a cal conecta coa nacional N-550, e atópase próximo ao enlace coa autoestrada AP-9 en Ordes.

Presenta unha visibilidade potencial dende a estrada DP-2405 e dende o núcleo rural de Hospital, no concello de Ordes. Está afectado pola servidume de operacións de aeronaves do aeroporto de Santiago.

PE da Laracha – ampliación (cód. 15041012)

Constitúe unha ampliación de 33,28 ha do actual parque empresarial. Este parque sitúase no extremo noroeste do concello da Laracha, a 2 km de distancia do núcleo urbano da Laracha, á beira da autoestrada AG-55 (eixo A Coruña-Fisterra) e próximo á estrada AC-550.





Segundo as DOT, A Laracha atópase na área de influencia de A Coruña e é considerado un núcleo de equilibrio territorial polas DOT, por atoparse entre dous centros de grande impacto económico como son os concellos de Arteixo e Carballo.

O ámbito da ampliación proposta é estremeiro co viario norte do actual parque empresarial, ocupa uns terreos chairros cubertos maioritariamente por masas arboradas (piñeiros e eucaliptos) e prados. A área sitúase na cabeceira dun regato tributario do rego da Perucha, o cal tras confluír no río do Rapadoiro conduce a súas augas á marisma de Baldaio (incluída na zona de especial conservación *Costa da Morte*, da Rede natura 2000).

O límite noroeste da área delimitada sitúase a escasos metros de pequenos núcleos rurais de orixe tradicional; Xesteiras, Os Abelares, A Torre, Samiráns e O Campo da Porta. O topónimo "A Torre" é unha referencia arqueolóxica do Catálogo do PXOM da Laracha.

A zona é visible dende a estrada provincial DP-1913, os anteditos asentamentos rurais próximos e os máis afastados da parroquia de Cabovilaño, o núcleo urbano da Laracha e a Torre de Cillobre.

AIL do Tesouro-Portorroibo (As Pontes de García Rodríguez) (cód. 15070061)

O ámbito abrangue 84,77 ha de terreos ocupados en boa parte por instalacións e edificacións que serviron no seu día de apoio á actividade mineira vinculada á central térmica das Pontes (parque de carbón, oficinas, naves,...), a carón do lago que xurdiu tras a restauración do oco aberto polo xacemento de lignito. As Pontes de García Rodríguez é considerada polas DOT como unha cabeceira do Sistema urbano intermedio, definido como un espazo de rexeneración e diversificación económica. Forma parte da bacía do río Eume, dentro dunha profunda depresión de sedimentación terciaria entre pregos montañosos. Posúe sedimentos moi antigos que sufriron erosión máis recente dando lugar a un sendimento moi rico en lignito e piritas.

A topografía orixinal do ámbito foi modificada con diversas explanadas realizadas, mentres que a zona máis próxima á ribeira do lago presenta un relevo máis accidentado e nela chegouse a instalar algunha masa arborada de rexeneración formada fundamentalmente por bidueiros e salgueiros. Tamén existen plantacións de coníferas alóctonas e de especies exóticas invasoras, en particular de acacia negra, que se está propagando nalgunhas zonas.

A área empresarial ocupa cerca da cuarta parte do perímetro do lago artificial das Pontes. Tanto o lago como as súas ribeiras foron delimitadas como área de especial interese paisaxístico, afectando esta a todo o bordo norte do ámbito. Para o disfrute dos valores do lago existe unha senda perimetral que pasa polo norte do ámbito.

A área empresarial proposta ten unha visibilidade limitada dende o núcleo das Pontes de García Rodríguez e da súa praia lacustre, pero estará máis exposto dende o nordés do lago, as estradas AC-861 e VAC AG-64 e dende os asentamentos da ladeira sur da parroquia de Espiñaredo. O lago presenta un uso para deportes acuáticos, como zonas de recreo, baño e de interese natural. O noroeste do ámbito é estremeiro cun biotopo rico en vexetación palustre que presenta un notable interese faunístico, existindo nel un punto de observación ornitolóxica.

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 17 de 34

CVE: WrmBWWUAJCI
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





Os terreos da contorna son ricos en piritas, o que fai que os movementos de terras constituían un risco de formación de augas acedas. De feito, dentro da área xorden e é cruzado por regos con altos contidos en precipitados de aspecto ferroso, que poden portar concentracións altas de metais.

O ámbito está ben comunicado co exterior mediante a autovía autonómica AG-64, que conecta Ferrol con Vilalba e ten saídas tanto no extremo noroeste como no sueste do ámbito. Ademais é estremeiro coa estrada autonómica AC-861. No linde sueste sitúase a subestación eléctrica de Tesouro, do que parte unha liña eléctrica de alta tensión que descorre paralela ao ámbito, pero tamén o cruza nunha parte.

PE do Corgo – ampliación (cód. 27014012)

O ámbito abrangue 20,17 ha de terreos lindeiros co parque empresarial do Corgo, localizado á beira da autovía A-6 (Madrid-Coruña), á altura do enlace desta coa estrada provincial LU-P-1611, uns 12 km ao leste da cidade de Lugo.

Segundo as DOT, o concello do Corgo pertence á área urbana de Lugo e á súa área de influencia. Enclávase na meseta de Lugo, unha gran depresión topográfica que presenta unha altitude media (600 m) superior á da Terra Chá. O seu substrato litolóxico componse basicamente de grandes masas de granitos, con intercalacións de rochas metamórficas e abundantes depósitos detríticos e sedimentarios.

Ao oeste do ámbito da ampliación proposta existe unha zona hidromorfa que constitúe a nacente dun regato tributario do Rego de Manzádan e ten asociado unha masa arborada autóctona de interese. Polo interior do ámbito, no extremo noroeste, discorre outro afluente do rego de Manzádan. A rede hidrográfica que drena esta zona aporta as súas augas ao río Neira, que desemboca no río Miño.

O ámbito localízase na ampla zona de transición da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Presenta visibilidade potencial dende a autovía A-6 dende os asentamentos rurais de Serín e Rioseco.

PE de Palas de Rei - fase III (cód. 27040013)

O ámbito delimitado de 39,93 ha constitúe a 3ª fase de ampliación do actual parque empresarial de Palas de Rei, ocupando terreos rústicos pegados a solo urbano (residencial ao norte e industrial ao oeste). Forma parte dun agrosistema extensivo de praderías separadas por sebes vexetais de especies arbóreas autóctonas e que están xa parcialmente transformados.

O concello de Palas de Rei emprázase na zona sueste da provincia de Lugo, dentro da comarca da Ulloa. Segundo as DOT, o concello de Palas de Rei atópase baixo a influencia de dous nodos para o equilibrio do territorio: Monterroso e Melide.

O relevo presenta unha suave pendente. O extremo sur afecta a un pequeno rego que alimenta ao río Roxán. Na actualidade a súa canle non discorre pola zona topograficamente máis baixa -percorrido reflectido na cartografía- senón canalizado polo lindeiro sur do ámbito; non obstante, no proxecto de interese autonómico que se está a tramitar prevese recuperar a súa traza natural e proceder á naturalización da canle. Asociada á traza deste curso fluvial existe vexetación de ribeira (principalmente ameneiros e carballos) con certo valor natural e paisaxístico.

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 18 de 34

CVE: WrmBmWUAJC1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





A traza do Camiño de Santiago, Camiño Francés, transcorre pola estrada N-547 e camiños situados nas súas inmediacións, de xeito que o ámbito atópase dentro do seu territorio histórico.

Con respecto aos servizos existentes, o parque empresarial conta con redes municipais de abastecemento e saneamento de auga, e con acceso rodado dende a N-547. Presenta visibilidade potencial dende a estrada nacional N-547 (camiño de Santiago), o núcleo urbano de Palas e o núcleo rural de Lalín.

PE do Valadouro (cód. 27063021)

Comprende 8,36 ha que se destinan a un novo parque empresarial situado no val do Ouro, aproximadamente 1 km ao leste de Ferreira (capital municipal), á beira da estrada LU-152 (Foz-Ferreira do Valadouro) e a carón de varios equipamentos municipais (campos de fútbol, campo de tiro e punto limpo).

O concello do Valadouro localízase na comarca da Mariña Central, na provincia de Lugo. Trátase dun municipio prelitoral que conta cun relevo accidentado, situado entre a aba da serra do Xistral e as formas máis suaves do val do río Ouro.

Segundo as DOT, o Valadouro atópase franqueado por unha cabeceira do sistema urbano intermedio de Viveiro, dúas subcabeceiras do mesmo sistema –Burela e Foz- e o núcleo para o equilibrio territorial de Mondoñedo.

Trátase dunha zona chaira ocupada por plantacións forestais de eucalipto e pasteiros. Preto do seu límite norte descorre o rego do Val dos Infernos, que aporta as súas augas ao río Ouro.

A zona ten un elevado interese arqueolóxico, pois coñécese a existencia de tres necrópoles megalíticas e un xacemento próximos entre si (Mámoas do campo de fútbol, no propio ámbito da MP; Mámoas do Valcárcel, ao oeste, ao carón do ámbito; Mámoas e xacemento da Granda de Ouro, cara o leste, no concello de Alfoz).

A área é visible dende as estradas autonómicas LU-152 e LU-160 e dende os asentamentos rurais afastados de O Barral e Anxeriz (Alfoz). Está afectado por dúas liñas de media tensión.

PE do Barco de Valdeorras – ampliación (cód. 32009016)

A ampliación proposta cobre unha superficie de 20,68 ha situada ao sueste do actual parque empresarial, na chaira aluvial do río Sil.

Segundo as DOT, o Barco constitúe unha cabeceira do sistema urbano intermedio que conta, coa Rúa como subcabeceira. O eixo O Barco-Vilamartín-A Rúa discorre ao longo da canle do Sil e é o espazo central onde se concentra a poboación e as principais actividades da zona. O termo municipal está atravesado polo ferrocarril, con estación, e polas estradas nacionais N-120 e N-536.

O relevo do concello está tallado en rochas sedimentarias, principalmente lousas, e organizado ao redor dunha depresión tectónica pola que discorre o río Sil e que se abre á altura do Barco.

O sector sur do ámbito, situado fóra da zona de avenidas, está ocupado por terreos de uso agrícola (viñedo fundamentalmente), baldíos e algunhas parcelas edificadas con vivendas unifamiliares ou naves de uso agrícola. Porén, parte do sector norte está

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 19 de 34





afectado pola zona con alta probabilidade de inundación (período de retorno de 10 anos) e zona de fluxo preferente. Esta zona sometida a periódicas inundacións mantén unha das escasas poboacións galegas do sapo dos esporóns (*Pelobates cultripes*), que é a especie de anfibio máis ameazado do Catálogo galego de especies ameazadas.

A topografía do sector norte foi xa modificada en distintas zonas por recheos de entullos e terras e por escavacións do material aluvial. Presenta vexetación herbácea acompañada en algunhas zonas por árbores dispersos, especialmente por chopos, aínda que tamén están presentes algunhas aciñeiras, salgueiros e freixos. Asociado aos recheos realizados están expandéndose diversas especies exóticas invasoras, principalmente o ailanto (*Ailanthus altissima*), a falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*) e a tintureira (*Phytolacca americana*). Tamén está presente a herba da Pampa (*Cortadeira selloana*) na finca dunha vivenda.

A área é visible dende a estrada nacional N-120 e dende o núcleo urbano do Barco.

A 200 m do ámbito, cara ao sur e no cumio dunha lomba, localízase o xacemento arqueolóxico Castro das Torres.

PE do Carballiño - ampliación (O Carballiño e Maside) (cód. 32019013)

A ampliación prevista abrangue dous recintos descontinuos que suman 122,09 ha e se sitúan en terreos do concello do Carballiño (lindeiros co parque actual polo oeste) e do concello de Maside (algo máis de 100 ha na marxe oposta da estrada OU-504).

No documento das DOT, o concello do Carballiño figura como unha cabeceira do sistema urbano intermedio, como núcleo central da súa comarca.

O actual parque empresarial sitúase 1 km ao nordeste do centro da vila do Carballiño, dispoñendo na súa contorna de boa conexión cos principais nodos de comunicación viaria (estrada nacional N-541, estrada autonómica OU-504 e autovía AG-53 que une Santiago con Ourense, a través do ramal AG-54 que conecta dita vía co Carballiño).

O ámbito delimitado no Carballiño está ocupado por masas forestais de carballos mesturados con piñeiros e algúns eucaliptos e polo borde norte o atravesa un regato tributario do rego de Valón. A carón deste rego existe un corredor conformado por bosques aluvial pertencente ao hábitat prioritario 91E0*, no que medran ameneiros, vidueiros, salgueiros, freixos e carballos. Este ámbito linda polo sur cunha zona residencial e un equipamento educativo.

A área delimitada en Maside acomódase entre os límites da estrada OU-504, a vía do ferrocarril (AVE) e a estrada que une a zona industrial coa N-541, ata aproximarse ao núcleo de Dacón. Abrangue terreos de natureza forestal dominados por piñeiros, pero tamén con presenza masas de carballos de rexeneración espontánea. Incorpora dous enclaves industriais existentes. A topografía é chaira na meirande parte do ámbito.

O norte do ámbito esta percorrido polo rego de Varón, que ten un curso sinuoso por mor da topografía chaira e recolle varias escorrentas da superficie. Ao seu carón rexenerouse un bosque aluvial pertencente ao hábitat prioritario 91E0*, no que medran ameneiros, bidueiros, salgueiros, freixos e carballos. Este rego constitúe un tramo de interese ambiental (zona protexida no PHMS) e localízase augas arriba dunha área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) identificada ao seu paso polo núcleo do Carballiño (ES010-OU-01-04-24994-20).

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 20 de 34

CVE: WrmBmWUJC1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





A área é visible dende a estrada autonómica OU-504 e dende as áreas residenciais lindoiras.

PE do Pereiro de Aguiar - ampliación (cód. 32058014)

O ámbito delimitado constitúe unha ampliación de 23,45 ha do parque empresarial existente no extremo suroeste do concello do Pereiro de Aguiar, á beira da estrada autonómica OU-537. Este parque empresarial xunto cos parques existentes en San Cibrao das Viñas conforman a coroa industrial metropolitana da cidade de Ourense.

A ampliación proposta prolonga o parque actual cara ao sur sobre terreos situados entre a estrada OU-537 e o límite co concello de San Cibrao. Estes terreos son chans e ermos, estando ocupados maiormente por matogueiras (breixeiras e xesteiras con toxo) con árbores dispersas.

O regato de Pazos discorre paralelo ao bordo oeste do ámbito, a menos de 100 m de distancia. Trátase dun afluente do río Barbaña, curso que recolle os principais verteduras das áreas industriais da comarca e que desemboca no río Miño antes de Ourense.

O límite sueste da ampliación sitúase a carón do núcleo rural tradicional da Medorra. Ademais, no límite leste a área delimitada deixa espazo a un pequeno conxunto residencial existente a carón da OU-537.

A área é visible dende a estrada OU-537 e dende os asentamentos rurais situados na contorna (A Medorra, Pedraio, San Miguel).

PE da Estrada-Toedo - 2ª ampliación (cód. 36017013)

Propónse unha nova ampliación (16,17 ha) do parque empresarial existente, situado a 3 km do núcleo urbano da Estrada e á beira da estrada autonómica PO-841 que o une con Santiago de Compostela, sendo esta un dos principais eixos de comunicación que atravesan o municipio.

O concello da Estrada constitúe a cabeceira da comarca de Tabeirós-Terra de Montes, localizada no centro da provincia de Pontevedra. O concello forma parte do Sistema Urbano Intermedio de Galicia dentro dun eixo que as DOT denominan o "Sistema Central Lalín-A Estrada".

O ámbito proposto delimitase na marxe oposta da estrada, sobre terreos chans de uso forestal ocupados maiormente por plantacións de eucalipto e cun parcelario que provén dun proceso de concentración parcelaria.

A área é visible dende a estrada autonómica e dende os asentamentos rurais situados na contorna (Toedo, Igraxario e A Carballa).

A cartografía do Plan básico autonómico identifica no extremo sueste do ámbito un xacemento arqueolóxico (Mámoa de Soutiño).

PE Cidade do Moble (A Estrada) (cód. 36017021)

Ámbito de 15,76 ha que abrangue un enclave industrial existente que xurdiu dun xeito espontáneo na contorna do núcleo da Estrada e á beira da estrada N-640, no espazo

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 21 de 34

CVE: Wrm18WYUJC1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





coñecido como monte de Liñares. Está inserido nunha paisaxe de mosaico agroforestal que presenta ocupación difusa asociada á proximidade do núcleo urbano.

O ámbito sitúase moi próximo á canle do río Liñares, estando atravesado por un pequeno rego tributario del. A ribeira do río Liñares está ocupada por bosque ripícola representativo do hábitat de interese comunitario prioritario 91E0* e cómpre destacar ademais que este río desemboca no río Ulla, dentro da zona de especial conservación Sistema Fluvial Ulla-Deza e que é un curso importante para a conservación das poboacións de salmón atlántico (*Salmo salar*) e a toupa de río (*Galemys pirenaicus*).

A delimitación circunscríbese aos terreos ocupados polas instalacións industriais actuais, incorporando unicamente as parcelas vacantes intersticiais.

Nas súas proximidades atópase a Ponte Vella de Liñares, elemento recollido no Catálogo do PXOM.

A área é visible dende a estrada nacional N-640 e dende os asentamentos rurais da contorna (Os Botos, Ponteliñares, A Devesa).

PE de Mondariz (cód. 36030031)

A área empresarial proposta comprende 14,45 ha de terreos de uso forestal situados a menos de 1 km do pobo de Mondariz, no lugar coñecido como Parque forestal do monte da Lagoa, ao pé da estradas autonómica PO-262 e provincial EP-4303 que a conecta coa vila e dende as que está previsto dar acceso ao futuro parque.

Segundo as DOT, o concello de Mondariz ten unha dinámica económica e social de escasa magnitude e unha localización periférica que a fai depender doutras localidades que funcionan como nodos de equilibrio territorial, como Ponteareas ou A Cañiza.

O Parque Forestal abrangue terreos de propiedade mancomunada de uso forestal e foi creado co propósito de fomentar o uso social do monte (dada a súa proximidade ao pobo de Mondariz), promover a protección do espazo e a conservación dos valores naturais existentes, mantendo ao mesmo tempo o seu carácter forestal.

O concello de Mondariz sitúase no val do río Tea, un dos principais afluentes do curso baixo do Miño que no seu percorrido polo concello recibe numerosos regatos que baixan encaixados, un deles o río Xabriña. Tanto o río Tea como o Xabriña están integrados na zona de especial conservación (ZEC) "Río Tea" da Rede Natura 2000.

Os terreos do ámbito presentan escasa pendente e están ocupados por unha masa arborada mixta na que predomina o piñeiro e algunhas plantacións de especies autóctonas (carballos). Na zona leste hai un bosque con vexetación hidrófila que dá mostra de que existen terreos temporalmente anegados.

Na contorna inmediata ao ámbito sitúanse un complexo deportivo municipal (dous campos de fútbol), un centro hípico, unha explotación pecuaria, un parque botánico e unha captación de auga para abastecemento humano.

O ámbito está atravesado por unha liña de media tensión. A área é visible dende a estrada PO-262 e dende Mondariz Balneario.

PE de Louredo (Mos e Redondela) (cód. 36033051)

A nova área empresarial delimitada sitúase próxima ao aeroporto de Peinador e ocupa unha superficie e 47,95 ha que se reparte entre o concello de Mos e o de Redondela,

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AE2591*

páxina 22 de 34





ámbolos dous integrados na comarca de Vigo. Segundo as DOT, estes concellos forman parte da rexión urbana de Vigo-Pontevedra, principal ámbito de desenvolvemento industrial e comercial de Galicia.

O ámbito delimitado acomódase no espazo forestal comprendido entre a estrada nacional N-550 e o núcleo de Vilar (Redondela), nun monte que constitúe divisoria das bacías de Galicia-Costa e a do Miño-Sil. A ruta do Camiño Portugués a Santiago de Compostela atravesa lonxitudinalmente o núcleo do Vilar, coincidindo en parte coa traza da estrada EP-2906.

Trátase dun ámbito con topografía irregular (atravesado por dúas valgadas) que está ocupado fundamentalmente por masas forestais mixtas de recolonización (eucalipto, piñeiro e carballo). Ao sueste do ámbito hai un asentamento industrial espontáneo.

Nace no ámbito un regato, tributario do río Louro, que ten asociado un bosque de ribeira con interese ambiental no que predominan especies como os salgueiros, ameneiros e carballos.

A área está afectada polo contorno de protección de varias mámoas (Mámoas dos Valos, de monte Formoso e porto dos Valos). É visible dende a estrada provincial EP-2906 e dende os núcleos do Vilar (Redondela) e O Pantaño (Mos).

O ámbito é cruzado por unha liña de media tensión e por un gasoduto. Linda no norte coa estrada provincial EP-2906 e no leste coa nacional N-550; ademais, o bordo leste constitúe o límite da reserva viaria para a futura autovía A-59 (Vilaboa-Vigo).

PLISAN – ampliación (As Neves) (cód. 36050012)

A área delimitada, de 107,28 ha, formaba parte en orixe da Plataforma Loxística e Industrial PLISAN (tamén coñecida como porto seco). Dende o punto de vista das DOT, esta Plataforma ten importancia para potenciar o porto de Vigo mediante infraestruturas loxísticas, con vocación de converterse no “porto interior” de Vigo. A autovía AG-51 a conecta coa autovía das Rías Baixas A-52.

A área está inserida no val do Baixo Miño, nunha zona derregada por numerosas correntes fluviais tributarias do río Miño. A zona de especial conservación (ZEC) “Baixo Miño”, da Rede Natura, linda co seu bordo sur.

Os terreos do ámbito da ampliación proposta xa foron explanados e desprovistos da súa cobertura vexetal, respectando unicamente o curso do rego Xuliana mais o seu tributario. A explanación do terreo implicou un importante volume en desmonte de terras, deixando o terreo sen a potencialidade forestal que tiña no seu estado natural.

O ámbito sitúase nas proximidades dos asentamentos rurais de Lamas e O Monte. En canto a infraestruturas, o ámbito é cruzado por unha liña aérea de alta tensión e unha liña de media tensión. Ademais, linda coa estrada provinciais EP-4006. A área é visible dende asentamentos da parroquia de Tortoreo (O Rabelo, O Coto, A Cancela, O Calvario) e posiblemente dende a beira portuguesa do Miño.

PE de Pontecesures (cód. 36044011)

Comprende unha superficie de 32,71 ha situada no vértice no que conflúen a estrada N-550 (Santiago-Pontevedra) e a estrada autonómica PO-548 (Pontecesures-Vilagarcía), no

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 23 de 34





extremo suroeste do municipio e no límite co municipio de Valga. Dende o punto de vista das DOT, Pontecesures atópase entre o sistema urbano intermedio da Estrada e os nodos para o equilibrio territorial de Padrón e Caldas de Reis.

O parque delimitouse na ampla chaira aluvial que o río Ulla e o seu afluente Valga conforman na zona de confluencia. Así, os terreos son chairas e están formados por depósitos aluviais do cuaternario nos que existen zonas hidromorfas e inundables, algunhas xa alteradas por recheos realizados. Linda co ámbito unha zona na que se concentran varios equipamentos do veciño municipio de Valga (centro de saúde, escola, instituto, instalacións deportivas).

O ámbito está ocupado por terras de labor, pasteiros, masas arboradas de distinta natureza e algunha nave industrial existente. É de salientar o bosque húmido que ocupaba os extremos norte e oeste do ámbito, conformado principalmente por salgueiros acompañados por carballos, e de forma minoritaria por ameneiros, freixos, sanguíños e loureiros. Unha parte dos salgueiros proceden de antigas sebes que separaban fincas nas que se abandonou a actividade agraria. A vexetación herbácea é especialmente hidrófila (*Eleocharis* sp., *Polygonum hydropiper*, *Littrhrum salicaria*, *Lycopuss europeus*, etc.) no extremo norte. Cómpre sinalar a presenza da especie exótica invasora *Robinia pseudoacacia* nunha parcela situada ao sur.

PE de Valga - fases I (cód. 36056012), II (cód. 36056013) e III (cód. 36056014)

As tres fases previstas ocupan unhas superficies de 3,76 ha, 9,37 ha e 8,98 ha respectivamente inseridas no espazo de asentamento diseminado estruturado pola N-550 (Coruña-Pontevedra), entre o núcleo de Valga e o de Caldas de Reis. Dende o punto de vista das DOT, o concello de Valga, ao igual que Pontecesures, atópase entre o sistema urbano intermedio da Estrada e os nodos para o equilibrio territorial de Padrón e Caldas de Reis

A área delimitada no borrador ocupa o alto dun monte de 162 m de altitude que serve de divisoria das vertentes dos ríos Louro e Valga (ambos transcorren paralelos ata confluír no tramo baixo do río Ulla). Presenta zonas chairas pero tamén outras que chegan a alcanzar pendentes moderadas. Abrangue terreos de uso forestal, con plantacións de piñeiro e eucalipto e matogueira (codeso, breixo,...). O ámbito identificado como fase I integra as instalacións dunha empresa en funcionamento.

O río Valga descorre polo leste a pouco máis de 200 m do límite da área, encaixado nun val profundo.

O extremo noroeste fica moi próximo ao núcleo rural tradicional da Medela, e de feito a área delimitada coa finalidade de dar acceso ao futuro parque cruza o núcleo afectando ao contorno de protección de dos seus hórreos catalogados.

A área é visible dende a N-550, a autoestrada AP-9, dende os núcleos rurais situados na ladeira esquerda do val de Louro (A Cerneira, Igrexario Setecoros, Reguengo). Tamén podería ser visible dende áreas residenciais máis afastadas, situadas no val do Ulla.

PI de Balaídos (ampliación), PTL de Valadares (ampliación), PE Ameal e PI A Garrida, no concello de Vigo:

Segundo as DOT, Vigo configura xunto con Pontevedra unha das dúas grandes rexións urbanas de Galicia. Vigo é o municipio de Galicia con maior número de habitantes e un

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAE
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 24 de 34





importante centro industrial. A presenza de numerosas e pequenas entidades de poboación diseminadas polo espazo periurbano constitúe a característica máis salientable do poboamento, condicionando a capacidade de crecemento do espazo empresarial. A continuación preséntase información particular de cada un dos ámbitos afectados pola MP2.

PI de Balaídos – ampliación (cód. 36057042)

Propónse crear novo solo industrial (23,57 ha) para poder ampliar cara o sur o actual polígono industrial de Balaídos (enclavado no espazo urbano residencial de Vigo), delimitando o espazo vacante existente ata os núcleos de Ribás, Parada, O Roupeiro, Sabaris e Campos.

O ámbito aséntase sobre un substrato rochoso de natureza ígnea situado na chaira aluvial do río Lagares, preto da súa desembocadura. Tamén comprende algunhas zonas máis escarpadas en contacto coa fábrica de automóviles. Polo ámbito discorre un rego innominado, tributario do río Lagares.

A vexetación no ámbito está dominada por masas mixtas de piñeiro e eucaliptos, sendo ademais especies de flora exótica de carácter invasor, como as acacias (*Acacia melanoxylon* e *A. dealbata*) e falsas acacias (*Robinia pseudoacacia*). Consérvanse non obstante algunhas zonas con pés de carballos e salgueiros negros.

Atópanse dentro da área ou nas súas inmediacións varios elementos patrimoniais con interese (petróglypho de Redondelos, fonte, lavadoiro, muíño,...). A nova área é visible potencialmente dende as áreas residenciais lindeiras. Varias liñas eléctricas atravesan a área delimitada.

PTL de Valadares -ampliación (cód. 36057012)

Das tres bolsas ou ámbitos descontinuos previstos inicialmente no PSOAEG, queda pendente de desenvolvemento unicamente a bolsa situada ao sur; na MP2 simplemente vaixe realizar un axuste de detalle na súa delimitación.

Trátase de terreos de pendentes moderadas, máis escarpadas cara o actual parque, sobre xistos e outras rochas metamórficas. Sitúase ao suroeste do rego de Quintián, tributario do rego Barxa, que conflúe no Lagares.

Na vexetación predominan as masas forestais mixtas compostas principalmente por piñeiros e eucaliptos (ao norte) e cultivos e prados (ao sur). O aproveitamento agrícola das parcelas está en fase de abandono e existe unha alta presenza de flora de carácter invasor, en especial de cana brava (*Arundo donax*).

PE Ameal (cód. 36057051)

No actual PSOAEG esta actuación empresarial está conformada por dúas áreas descontinuas situadas ao oeste do aeroporto de Vigo, unha delas afecta ao concello de Vigo e a outra ao de Redondela. A MP2 tan só reaxusta a delimitación da área situada en Vigo por mor de salvar a afección á traza da autovía A-59 .

Situado na bacía alta do río Lagares, a orografía do ámbito caracterízase por pendentes suaves ou zonas chairas (<1%). A vexetación predominante son as masas de eucalipto e piñeiro, con algúns exemplares de grande porte, e nas lindes podemos atopar algunha

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 25 de 34





vegetación autóctona, como carballos ou salgueiros así como algunha especie ornamental ou castiñeiros.

PI A Garrida (cód. 36057071)

Sitúase no extremo sur do municipio, en continuidade co polígono da Pasaxe, no municipio de Gondomar. A MP2 propón realizar axustes na delimitación desta área para acomodala á realidade física tras o inminente proceso de urbanización do polígono da Pasaxe.

A orografía caracterízase por pendentes suaves que se acentúan ao norte e nordeste do sector. Está situado na vertente setentrional da bacía do río Zamáns, tributario do río Miñor.

A maior parte do ámbito está ocupado por masas arbóreas de eucaliptos e piñeiros, aínda que no suroeste existe un pequeno bosque de bidueiros e no norte de carballos. Na parte noroccidental e nas proximidades das vivendas predominan o estrato herbáceo.

6. Análise da integración dos aspectos ambientais na proposta final de planeamento

O procedemento de avaliación ambiental estratéxica é un proceso secuencial co que se pretende garantir unha axeitada integración dos aspectos ambientais no contido dos plans ou programas. Tendo en conta as consideracións realizadas no documento de alcance emitido por este órgano ambiental e o resultado dos procesos de información pública e consultas, analízase a continuación como se integraron os aspectos ambientais máis relevantes na modificación puntual núm. 2 do PSOAG (MP2).

Ocupación do solo

Na documentación da MP2 xustifícase a incorporación ao PSOAG de novas actuacións empresariais cos seguintes argumentos: o esgotamento do solo industrial e a existencia de demanda nalgúns zonas (A Laracha, Carballiño-Maside, Pereiro de Aguiar, Mos); a recuperación como área industrial dunha zona excluída anteriormente do PSOAG (PLISAN); en compensación pola eliminación doutras actuacións empresariais no mesmo municipio (Balaídos en Vigo). A matriz de análise de viabilidade da AIL Tesouro-Portorroibo (As Pontes) sinala a ausencia de demanda deste solo industrial, non obstante coa súa delimitación preténdese integrar e dar continuidade a un uso e a unhas instalacións xa existentes. No caso do PE de Pereiro de Aguiar, na fase de información pública o Concello trasladou a demanda de máis solo por parte dos empresarios da zona, o que levou a incrementar un 15% a superficie inicialmente delimitada.

Con respecto ás actuacións xa previstas no actual PSOAG, as matrices de análise de viabilidade³ reflicten nalgúns casos (O Barco de Valdeorras, Cidade do moble, Toedo, Palas de Rei, Mondariz) que non se axustan á demanda estimada no modelo realizado para a elaboración do PSOAG. Tratándose dun plan sectorial, no que aínda non está claro en que prazo se van desenvolver as actuacións delimitadas, a súa inclusión no PSOAG pode estar xustificada por posibles necesidades ou cambios da demanda nos

³ Serie de planos AAE_04MATRIZ





vindeiros anos. En todo caso, a MP2 establece como determinación de aplicación directa (apartado 7.2 a memoria xustificativa) que no momento de formular os instrumentos que establezan a ordenación detallada haberá que xustificar unha demanda real existente.

A MP2 delimita de forma orientadora, nas fichas resumo⁴, zonas verdes e espazos libres na maioría das novas áreas empresariais delimitadas e as modificadas tendo en conta a existencia de valores naturais e culturais así como corredores fluviais e zonas inundables ou afectadas pola dinámica hídrica. Como determinación de aplicación directa⁵, a MP2 establece que serán os instrumentos que definan a ordenación detallada, dado o seu alcance concreto e detallado sobre a área de territorio en cuestión, os que concreten a proposta de cualificación de zonas verdes e espazos libres.

Ciclo hídrico

- Rede fluvial e zonas inundables

Os planos de información territorial e as fichas-resumo aportan información cartográfica de detalle da rede fluvial, as zona de fluxo preferente e as servidumes conforme á cartografía de que dispoñen as confederacións hidrográficas e o IET. Na ficha do PE de Louredo ampliouse o curso dun rego innominado ata a súa nacente, a partir da información facilitada polo Concello de Redondela.

Para dar protección a esta rede fluvial, en todas as áreas empresariais afectadas óptase por integrala no sistema de zonas verdes e espazos libres (delimitadas de forma orientativa nas fichas resumo, tal como xa se indicou na variable *ocupación do solo*). Como caso particular, excluíuse do ámbito do PE de Louredo a zona que afectaba a un corredor fluvial tributario do río Louro.

O EsAE contén como anexo os estudos de inundabilidade realizados para as actuacións empresariais do Carballiño, Pereiro de Aguiar, Louredo e Cidade do Moble, nos que se delimitan as zonas de fluxo preferente e inundables. A ficha do PE do Barco de Valdeorras integra no sistema de espazos libres a zona de fluxo preferente do río Sil delimitada polo organismo de bacía e propón caracterizar no futuro PIA ou PEOSE, con cartografía de detalle e traballo de campo, posibles escorrentas naturais ou canles artificiais existentes para a súa recuperación como corredores. Ademais, a MP2 remite aos instrumentos de desenvolvemento (PIA ou PEOSE) dos ámbitos de Pereiro de Aguiar, A Laracha, Louredo, PLISAN, Pontecesures, Balaídos e Mondariz a realización de estudos hidrolóxicos para definir con detalle a rede fluvial e as zonas inundables.

Entre as determinacións que vinculan aos instrumentos de ordenación pormenorizada (PIA ou PEOSE) das áreas previstas⁶, a MP2 establece que para a protección do dominio público hidráulico e as zonas con risco de inundación terase en consideración a lexislación sectorial e a planificación hidrolóxica vixentes. En particular os PIA ou PEOSE das áreas empresariais situadas na demarcación hidrográfica do Miño-Sil e que afectan a cabeceiras de canles fluviais (Louredo, O Carballiño-Maside e Mondariz) deberán ademais estudar a posible existencia de surxencias naturais de auga e, de ser o caso,

4 Serie de planos de ordenación PORD_01FICHAS
5 Apartado 7.3. da memoria xustificativa.
6 Punto 7.4.2.1 da memoria xustificativa.





engadir á cartografía a súa localización así como unha caracterización da vexetación real afectada e adoptar medidas para a conservación do bo estado ecolóxico dos tramos de cabeceira dos ríos e o mantemento da cadea trófica.

O programa de medidas do EsAE establece unha serie de normas adicionais á actual normativa do PSOAEG que favorecen a naturalidade e funcionalidade dos corredores fluviais que se integrarán nos espazos libres e zonas verdes. En particular, revexetar con especies autóctonas potenciais (M10), conservar a vexetación autóctona (M12), prohibir o uso de herbicidas (15). Cómpre indicar que con esta finalidade é preferible fomentar a rexeneración natural da vexetación, recorrendo á plantación só nos casos que esta se amose moi lenta ou non sexa viable.

O ámbito da ACITEC-Costa da Morte linda no norte cunha zona húmida ben conservada que conforma a nacente do rego de San Loto e presenta hábitats de interese comunitario, algúns posiblemente de carácter prioritario (hábitats higroturbosos oligotróficos e de breixeiras húmidas con *Erica tetralix*, *Erica ciliaris*, *Myrica gale*, *Potamogeton sp.*, *Osmunda regalis*, *Molinia cerulea*, entre outras especies). Unha pequena parte desta zona húmida queda inserida no ámbito delimitado da ACITEC, se ben xa foi parcialmente alterada por plantacións forestais; a ficha-resumo desta área empresarial require que o PIA ou PEOSE incorpore un estudo ou caracterización do medio físico e biolóxico centrado na dinámica hídrica e no posible desenvolvemento de brañas. Por outra parte, a ficha tamén prevé executar unha EDAR e conducir as augas tratadas ata un punto de vertido no rego de San Loto, puntualizando que o PIA ou PEOSE analizará a localización da EDAR para minimizar a afección sobre a zona húmida.

Cómpre sinalar que, en xeral, as zonas húmidas son ecosistemas fráxiles e valiosos como zonas de recarga de auga, de protección da súa calidade e de mitigación do risco de asolagamento, polo que se deben adoptar todas as medidas posibles para evitar afeccións sobre elas; no caso particular da ACITEC teranse que adoptar as medidas oportunas para evitar posibles verteduras que muden o carácter oligotrófico das augas.

- *Disponibilidade de recursos hídricos e mantemento da calidade das augas do medio receptor*

A MP2 incorpora un "Estudo do recurso auga"⁷ no que para cada área empresarial, co alcance e nivel de detalle propio dun plan sectorial, se analizan as novas demandas xeradas en canto a abastecemento de auga e saneamento de augas residuais e pluviais, analízanse tamén as capacidades dos sistemas existentes e, finalmente, propóñense actuacións para garantir a suficiencia dos sistemas. As fichas das distintas áreas industriais recollen como determinacións vinculantes as solucións propostas para resolver o abastecemento e o saneamento das augas residuais. Aclara o promotor que as solucións propostas *serven de base para garantir a viabilidade das propostas de delimitación de áreas industriais, sendo que os PIA que desenvolvan o plan deberán afondar e precisar a cuestión mediante un análise polo miúdo*⁸.

Xa que logo, os instrumentos de planificación que establezan a ordenación pormenorizada das áreas empresariais propostas deberán xustificar a dispoñibilidade xurídica de recursos hídricos suficientes e concretar, se fose o caso, as actuacións de

⁷ Anexo 3 da memoria descritiva.

⁸ Punto 7.4.2.2 da memoria descritiva.





ampliación e/ou reforzo nos sistemas de abastecemento e saneamento que resulten necesarias para garantir a súa suficiencia; o cal resulta coherente co disposto no artigo 31 da normativa do PSOAEG, na determinación 4.8.9 das DOT e co informado polos organismos de bacía. No caso de que as concesións para o aproveitamento de augas non cubran as necesidades das novas áreas empresariais, habería que adaptar as súas dimensións ao caudal concedido ou, noutro caso, serían ambientalmente inviables.

En relación á prolemática particular da Área industrial e loxística do Tesouro-Portorroibo (As Pontes), para evitar que se inicien procesos de formación de augas acedas, na ficha do sector establécese como determinación vinculante realizar controis sobre a presenza no solo de piritas e que se evite que este mineral quede exposto á acción do aire e da choiva, o que inicia os procesos bioquímicos de oxidación.

Patrimonio natural

A parte descriptiva do EsAE aporta información de detalle sobre a vexetación, hábitats ou outros elementos naturais de interese existentes nos ámbitos das zonas avaliadas. As medidas propostas no EsAE así como as determinacións e as delimitacións propostas de zonas verdes e espazos libres recollidas nas fichas das actuacións empresariais tiveron en conta as principais cuestións relevantes para o medio natural indicadas no documento de alcance, en particular:

- As zonas potenciais do hábitat de interese comunitario de carácter prioritario 91E0* (*Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior*) e terreos higromorfos nos dous ámbitos propostos para ampliar o PE do Carballiño intégranse nas zonas verdes. O tratamento destas zonas semella axeitado, xa que vai dirixido a preservar a súa naturalidade.
- Na contorna do PE do Barco de Valdeorras está presente unha das últimas poboacións de Galicia de sapo dos esporóns⁹ (*Pelobates cultripes*). A zona norte da área delimitada para ampliación do PE forma parte da terraza aluvial e conforma o seu principal hábitat potencial; a ficha da área propón integrala nas zonas verdes e deseñar a súa restauración con criterios que favorezan a conservación da poboación do sapo dos esporóns. Para tal finalidade, é conveniente fomentar a presenza de charcas estacionais axeitadas para a reprodución da especie¹⁰. Como medida específica para o ámbito, o EsAE propón eliminar escombros, lixos e recheos artificiais nas proximidades da chaira de inundación, porén, esta medida non se incorporou especificamente nas determinacións da ficha-resumo do PE.

Malia que no EsAE non se aborda especificamente a conectividade ecolóxica, as medidas recollidas nas fichas para crear zonas verdes nas contornas fluviais, zonas inundables ou con dinámica hídrica e na contorna do lago das Pontes favorecen a permeabilidade ecolóxica das áreas empresariais propostas.

9 Especie incluída no Catálogo galego de especies ameazadas.

10 Conforme ás seguintes características:

- Estacional (menos de 6 meses de duración do hidropérido), aínda que non efémera;
- De tamaño superior a 100 m² de superficie, de ser posible;
- Moderadamente profundos (de 26 a 50 cm de profundidade máxima), aínda que con zonas someras (de 2 a 21 cm de profundidade) para realizar a posta;
- Manter contorna sen plantacións arbóreas.

*Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591*

páxina 29 de 34

CVE: WvrmBwYUAC1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





En relación ás especies exóticas invasoras, tanto o EsAE como o seu anexo de estudo da paisaxe e as fichas-resumo identifican as principais especies presentes nalgunhas das áreas empresariais e contempla determinacións destinadas a evitar a súa dispersión e contribuír ao seu control, estando previsto que se definan medidas de detalle nos instrumentos de desenvolvemento das actuacións delimitadas.

Patrimonio cultural

Entre as determinacións que vinculan aos instrumentos de ordenación pomenorizada (PIA ou PEOSE) das áreas empresariais previstas, a MP2 establece que¹¹ deberán facer referencia ao marco legal en materia de protección do patrimonio histórico e cultural vixente no momento da súa formulación e incorporar na súa documentación un estudo e prospección do ámbito de actuación e da súa contorna que identifique todos os bens do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico, etnolóxico, artístico, industrial, científico e técnico e documental e bibliográfico, tal como os recolle a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia; no caso de existir elementos con valores culturais, a ordenación que se estableza nos PIA ou PEOSE terán en conta a salvagarda dos ditos valores.

A MP2 identifica nos planos de información e de ordenación os bens inventariados do patrimonio cultural cuxo ámbito delimitado ou o seu contorno de protección afecta ás novas áreas empresariais propostas ou ás modificadas. As fichas-resumo recollen nalgunhas casos determinacións particulares a ter en conta nos futuros PIA ou PEOSE:

- AIL O Tesouro-Portorroibo (As Pontes); realizarase un estudo e prospección de arquitectura e enxeñaría industrial existente e decidirase sobre a necesidade ou non de catalogalas e protexelas.
- PE A Laracha-ampliación; en base ao resultado da prospección arqueolóxica e etnográfica, establecerase a catalogación e as medidas de protección necesarias en relacións aos elementos de interese situados en A Torre e Sanmiráns.
- PE Pañas de Rei-ampliación; deberá recoller todas as afeccións relacionadas co territorio histórico do Camiño de Santiago e a normativa establecerá determinacións baseadas na *Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago*. Prestarase especial atención a unha ordenación harmoniosa da fachada que dá fronte ao Camiño.
- PE Cidade do Moble (A Estrada); establece a necesidade de coidar as vistas dende o camiño antigo e a Ponte Vella de Liñares, para o que se determina a necesidade de conservar a vexetación de valor existente no extremo nordés do sector.
- PE O Valadouro e PE A Estrada/Toedo-ampliación; en base á prospección a realizar, identificaranse e catalogaranse os túmulos existentes dentro do ámbito e na súa contorna e a ordenación garantirá a súa integración e correcta interpretación, reservando a superficie de zona verde sen urbanizar.

¹¹ Punto 7.4.7 da memoria descriptiva.





- PE de Louredo (Mos); estableceranse medidas de protección para os túmulos existentes no exterior do parque. Prestarase especial atención a coidar as vistas dende o Camiño de Santiago.
- PLISAN-ampliación (As Neves); confirmarase a posible existencia de fornos romanos.
- PI de Balaídos-ampliación (Vigo); determinarase a solución de ordenación para protexer os elementos xa inventariados ou por inventariar, establecendo a catalogación e protección daqueles que aínda non o estean polo PXOM de Vigo.

Paisaxe

O documento da MP2 aprobado inicialmente incorporou un estudo da paisaxe que, para cada unha das áreas empresariais propostas, fai unha caracterización paisaxística do ámbito, unha análise de visibilidade e identifica os impactos paisaxísticos, tal como se solicitou no documento de alcance.

Para a futura ordenación dalgunhas áreas, dada a posible afección a elementos de interese paisaxístico e a proximidade a núcleos de poboación, integráronse as seguintes determinacións específicas nas fichas das áreas:

- PE da Laracha-ampliación; estableceuse a necesidade de cumprir no PIA coas directrices DX.10.b.2 e DX.10.b.4 das Directrices da Paisaxe de Galicia, para reducir a afección sobre os núcleos de poboación e o solo rústico.
- PE do Carballiño-ampliación; o PIA establecerá condicións de integración (directrices DX.10.b.2 e DX.10.b.4) cos bordos de contacto co solo rústico e o núcleo de Dacón, interpoñendo áreas de vexetación autóctona e coidando a urbanización. Así mesmo, prestará atención a integrar a zona industrial no contexto residencial e de dotacións da zona oeste.
- O novo PE de Louredo, en Mos-Redondela; establece a necesidade de cumprir coas directrices DX.10.b.2 e DX.10.b.4, procurando reducir a afección sobre o solo rústico, interpoñendo áreas de vexetación autóctona e coidando a urbanización na zona de transición cara ao medio rural e ao núcleo de Vilar. Prevese ter en conta na ordenación a calidade das fachadas edificadas e urbanizadas que dan fronte ás estradas nacional e provincial.

Estas medidas considéranse adecuadas, pois toman como obxectivos os expresados nas Directrices da paisaxe de Galicia e responden ás que foron trasladadas polo IET para a elaboración do documento de alcance.

Mobilidade

A MP2 prevé¹² incluír nos instrumentos de planeamento que establezan a ordenación pormenorizada das áreas empresariais un estudo de tráfico, capacidade e mobilidade que garanta a calidade técnica dos accesos aos ámbitos industriais e os adecuados niveis de servizo e seguridade das estradas e que recolla as determinacións precisas

¹² Apartado 7.4.3 da memoria descriptiva.





para fomentar o transporte público e os desprazamentos non motorizados (mobilidade alternativa).

Asemade, entre as medidas previstas no EsAE, que a MP2 establece como determinacións vinculantes (punto 7.5 da memoria descritiva), está a de potenciar o uso de modos de transporte alternativos ao vehículo privado motorizado, realizar a conexión cos asentamentos próximos mediante beirarrúas, sendas, etc., que ofrezan unha boa e segura conectividade peonil e, na medida do posible, por medio de carril-bici e establecer zonas habilitadas para paradas de autobús.

Riscos

O risco por inundación foi analizado na variable "ciclo hídrico".

A MP2 inclúe nos planos de información¹³ os últimos mapas estratéxicos de ruído elaborados polas administracións para as estradas afectadas (índices sonoros L_e, L_d, L_n e L_{den}).

A MP2 establece¹⁴ que os futuros PIA ou PEOSE incorporarán os mapas de ruído das estradas elaborados pola administración e na súa normativa establecerase como requisito previo ao outorgamento da licenza municipal para executar obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas a realización dos estudos necesarios para determinar os niveis sonoros esperables e establecer limitacións á edificabilidade ou a obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios en caso de superarse os límites recomendados, conforme ao disposto na lexislación vixente en materia de ruído. Ademais, as fichas dalgunhas áreas empresariais (como exemplo, Louredo, Balaídos, Pontecesures, O Carballiño-Maside) recollen a necesidade de que os PIA ou PEOSE analicen e establezan determinacións para evitar a afección acústica sobre áreas residenciais e dotacionais próximas.

Atmosfera e cambio climático

No EsAE estímase que a pegada de carbono potencial asociada á MP2 é de 3.907.873 tn CO₂/ano. Asemade, prevé que as medidas do apartado "Deseño de medidas" do EsAE permitan mitigar a dita cifra de emisión de gases de efecto invernadoiro. Porén, non se fai mención á metodoloxía empregada nin aos cálculos realizados para xustificar a dita cifra.

Os estudos de mobilidade previstos nos instrumentos de desenvolvemento para analizar a capacidade de absorción dos tráficos xerados nas infraestruturas viarias existentes deberán analizar a súa incidencia nas emisións á atmosfera. Unha das principais medidas que contribúen á redución destas emisións é o fomento do transporte público e non motorizado citado no apartado anterior. Entre as medidas previstas, a proposta de zonas verdes mantén unha superficie considerable de cuberta vexetal en estado natural, o que permitirá a captación de CO₂. Para esta finalidade será ademais importante a restauración e conservación das zonas húmidas que se atopan nos ámbitos.

¹³ Serie de planos PINF_08INFR_02RUIDO

¹⁴ Punto 7.4.3 da memoria descritiva.





7. Cuestións documentais

Na documentación que se elabore para aprobación definitiva deberán revisar as seguintes cuestións:

- Como medida específica para o ámbito do PE O Barco de Valdeorras-ampliación, o EsAE propón eliminar escombros, lixos e recheos artificiais nas proximidades da chaira de inundación. Suxírese incorporar esta medida ás determinacións da ficha-resumo.
- En Galicia a área de distribución potencial da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras está constituída polas zonas húmidas costeiras (franja de 15 km) con vexetación palustre de grande porte, tal como sinala o artigo 6 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *lusitánica* Steinhacher) en Galicia. Non se detectou a existencia deste tipo de humidaís no ámbito da MP2, polo que se deberá revisar o contido do EsAE ao respecto.
- No ámbito da PLISAN-ampliación localízase unha zona húmida de orixe artificial procedente dunha antiga escavación mineira. A ficha-resumo recolle como determinación vinculante que "Establécense dúas zonas, segundo se expresa no plano, co obxectivo de preservar o medio hídrico do rego Xuliana e a zona húmida e vexetación asociada xerada en torno aos depósitos das antigas minas a ceo aberto", porén, na cartografía da ficha tan só se reflicte unha zona verde que integra o rego Xuliana.

PROPOSTA

Considerando todo o exposto nos apartados anteriores, concluímos que a Modificación puntual núm. 2 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia pode considerarse ambientalmente viable.

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas
(*asinado dixitalmente*)

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(*asinado dixitalmente*)





Tendo en conta a proposta anterior, RESOLVO:

Considerar ambientalmente viable a Modificación puntual núm. 2 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia.

Esta resolución remitirase ao Instituto de Vivenda e Solo e farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Segundo o disposto no artigo 35.1.d) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a declaración ambiental estratéxica perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de catro anos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 25.4 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(*asinado electronicamente na marxe*)

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Xefe do Servizo de Planificación e Ordenación do Solo
Data e hora: 11/12/2023 14:55:25

Asinado por: PAZ CORNIES, MARIA CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Planis
Data e hora: 11/12/2023 14:42:13

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 11/12/2023 17:24:20

CVE: WrmhBMWUJC1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Avaliación ambiental estratéxica ordinaria – Declaración ambiental estratéxica
Modificación puntual núm. 2 do PSOAEG
Expediente: 2021AAE2591

páxina 34 de 34

